Revista trimestral do Ateneo Ferrolán OUTUBRO - NOVEMBRO - DECEMBRO 2010

AtE NEA

Outono saboroso

Nº39



ATENEA
Revista trimestral do Ateneo Ferrolán Nº 39
Outubro - Novembro - Decembro 2010

Dirección e Coordinación: ATENEO FERROLÁN
Redacción e administración:
Rúa Magdalena 202-204 - Ferrol (Galiza)
Teléfonos: 981.357.970, 981.354.098
Fax: 981.354.098

E_mail: **secretaria@ateneoferrolan.org**
WEB: **www.ateneoferrolan.org**

ISSN: 1575-9679
Depósito legal: C-1937/99

Patrocina:
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Sumario

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA **María Xosé Villar Corral**
DESEÑO, MAQUETACIÓN E ILUSTRACIÓNS **Cocinanegra**
COLABORACIÓNS **Ana Martín García, Juan J. Burgoa, Lupe Ces, Rosa Méndez Fonte, Miguel Angel Alonso Diz, Jorge Miguel Gago Chao**

"Os tempos son chegados ...... ", pero qué tempos !!!

A CRISE é a protagonista e xa ninguén dubida da súa dura realidade, por riba do "deporte nacional" da busca de culpábeis. Demasiados persoeiros e persoeiras parece que se senten satisfeitos con atopar un culpable (o sexa ou non), e con iso ....., o problema xa non lles preocupa, dano por resolto ou aló menos iso parece. Pero a realidade éche moi teimuda e nos envolve a todos, queirámolo ou non.

Unha realidade, a dos mercados financeiros, das Bolsas, dos Bancos, dos rescates multimillonarios e unha infinidade de operacións e terminoloxías difíciles ou imposibles de comprender. Pero tamén outra realidade, a dos parados, a dos que pasan fame, no mundo e tamén ao noso lado. En tanto debate, tanto escrito, entrevistas, tertulias, etc., non se escoita falar de Yunus, fundador do Grameen Bank (Banco da Aldea) ou Banco dos pobres. Non interesa, aínda sendo unha forma novidosa e eficaz de superar moitas situacións desesperadas. Só dous apuntamentos: con ese sistema de microcréditos beneficiáronse non últimos anos máis de 3 millóns de familias e nestes momentos hai programas en 58 países. Á potente maquinaria que move o mundo, ó sistema financieiro dos grandes mercados internacionais NON LLES INTERESA este submundo, esta, para eles, anécdota insignificante que nin se paran a coñecer.

Pero acheguémonos ó noso entorno máis directo, ó noso vivir do día a día, ó noso ATENEO que por fin, e sen volta atrás, está inmerso de cheo na súa rehabilitación máis ambiciosa e esperanzadora. Esperanza, si, esa é a palabra, o sentimento máis profundo que nos acompaña nestes momentos. Esperanza e ilusión que confiamos compartan socios, socias e a cidadanía de Ferrol e bisbarra, ferrolterráns ós que queremos transmitir toda a nosa confianza en que ISTO sairá ben, que no prazo establecido e quizais un pouco antes poderemos empezar a gozar dunha sede acolledora, atractiva, ben dotada dos espazos e medios axeitados para desenvolver as múltiples actividades culturais máis diversas. Haberá espazos, haberá os medios, os básicos, pero temos que contar con algo que non o vai proporcionar o Concello nin as institucións: a partir da inauguración da nova sede ten que ser a contribución, a participación dos socios e socias o que encha de vida, de actividade, de proxectos e realidades o noso ATENEO.

Temos que estar seguros e convencidos de que van valer a pena os *sufrimentos* deste ano de obras de rehabilitación, e non o podo evitar, "un aviso a mareantes..." : que os interesados non esperen a ver rematado o edificio para asociarse á entidade, non sería elegante... e alguén pensará: interesados en que?... unha pequena selección: Espazos cómodos e agradables, - Biblioteca – Hemeroteca con altas prestacións, - cine semanal con ciclos do máximo interese, - grupos de traballo, - talleres, - exposicións, - concursos e certames, - publicacións trimestrais,... etc., etc., con sinceridade VALE A PENA. ASOCIÁTE !!

Esperámosvos.

BIBLIOTECA•HEMEROTECA

COUSAS...

Por Fernando Rivera

Mellorar. É a premisa que mellor define o proxecto de rehabilitación do Ateneo Ferrolán.

Unha mellora non só nas instalacións, na comodidade ou no espazo, senón nos servizos, na atención, na difusión, no acceso, en definitiva, na cultura. Por iso o Ateneo Ferrolán e, en concreto, a súa biblioteca-hemeroteca fai fronte a novos retos, a novas tarefas que, sen ter unha relación directa cos habituais traballos de índole cultural, son vitais para o seu futuro.

Tres pilastras, tres frontes, tres aspectos son básico e fundamentais para o desenvolvemento de este proxecto:

1.- O convencemento dos responsables políticos dos beneficios que proporciona ter unha institución ao servizo da cidadanía e da cultura e dunha biblioteca-hemeroteca capaz de dar resposta aos demandas desa comunidade.
2.- A valoración e aproveitamento da experiencia dos traballadores á hora de deseñar e distribuír as distintas áreas do edificio. A súa arquitectura conxugará o estético e o funcional adaptándose o mellor posible as necesidades e os servizos que vai prestar a biblioteca-hemeroteca do Ateneo Ferrolán ao colectivo social.
3.- A capacidade do bibliotecario para planificar e xestionar a biblioteca co fin de conseguir un verdadeiro espazo intercultural, informativo, formativo, lúdico e multidisciplinar capaz de aportar solucións as inquietudes culturais e respostas ás cuestións dos usuarios.

Coñecida a filosofía da entidade e sabedores da misión e os obxectivos da biblioteca-hemeroteca para esta nova etapa, é hora de plasmar na práctica a metodoloxía establecida. Así, un dos primeiros pasos a dar foi a xestión do fondo bibliográfico para o seu traslado, mester a raíz do comezo das obras de rehabilitación do edificio.

Para facer fronte a tal empresa o Ateneo adoptou medidas provisionais para acondicionar o seu patrimonio e adecuar os servizos prestados ata entón. ¿Como se canalizaron eses traballos e como foron as tarefas despregadas para o traslado e depósito do fondo bibliográfico?

Amparados baixo o marco lexislativo en vigor[1] e nas experiencias doutras bibliotecas e asociacións culturais, procedeuse á análise da situación tendo en conta o volume total do material a trasladar, a súa variedade (bibliográfico, mobiliario, equipos informáticos, material de oficina, etc), as dimensións e características físicas de dito material, o seu estado e o seu valor literario e cultural.

A avaliación dos datos extraídos da análise anterior permítenos coñecer os recursos que temos e determinar os que necesitamos para abordar e xestionar correctamente a difícil tarefa de "mover" o material acumulado na biblioteca-hemeroteca do Ateneo

Ferrolán ao longo deste anos. Non só falamos de libros, carteis, revistas e periódicos, senón de microfilmes, fotografías, cadros, esculturas, ordenadores, pantallas, impresoras, mobiliario, material de oficina, etc.

Os traballos foron externalizados a unha empresa especializada e cualificada, firmando un convenio singular cunhas condicións moi específicas á hora de tratar e manexar o material. Recordemos que a biblioteca-hemeroteca do Ateneo Ferrolan acolle coleccións únicas que forman parte do patrimonio cultural galego.

Para o empaquetado do fondo bibliográfico utilizouse un tipo de caixa máis resistente e de menor tamaño, fixouse un protocolo de limpeza e aplicouse un sistema de protección adicional para aquelas coleccións susceptibles de sufrir máis dano co transporte. Deseñouse un sistema de clasificación e ordenación específico para a operación de traslado, reducindo ao mínimo unha posible dispersión do fondo durante a emigración e provisión do mesmo e permitíndonos coñecer, en todo momento, o contido de cada caixa e a súa localización no depósito provisional.

Durante o proceso aproveitouse para illar aqueles fondos máis deteriorados, procedendo a súa limpeza, desinfección e recuperación -na medida do posible- do contido da obra. Nalgúns casos, o deterioro era tal que o facía totalmente inservible, optando pola avaliación crítica da obra con vista a retirada da mesma (no seu soporte en papel). O expurgo dese material foi moi selectivo e focalizado só en documentos deteriorados e sen valor cultural destacable, asegurándonos de ter copia dixital de dita documentación.

Finalmente, completouse a primeira fase do proxecto, co traslado dos fondos da biblioteca-hemeroteca, con total normalidade e sen contratempos á espera da seu esperado e ilusionante regreso á nova sede do Ateneo Ferrolán.

---

1 Lei de Patrimonio Bibliográfico e Documental [Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español], Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia. (DOG, 08/11/1995; BOE, 01/12/1995), Reglamento da biblioteca-hemeroteca do Ateneo Ferrolán

TEMOS LOTERÍA DE NADAL



Nº 60302

PARTICIPACIÓNS DE : 2,50€ + 0,50€ (colaboración) = **3€**



COLABORA CON NÓS

"UN LUGAR DE ENCONTRO PARA A CULTURA DENDE 1879"

ASÓCIATE

¡ TE NECESITAMOS ...... AGORA MAIS QUE NUNCA !

HORARIO DO ATENEO FERROLÁN / OFICINA: DE LUNS A VENRES – DE 10 A 14 HORAS E DE 17 A 19,30 HORAS

BIBLIOTECA - HEMEROTECA: DE LUNS A VENRES – DE 10 Á 14 HORAS.

MENTRES DUREN AS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA NOSA SEDE , ATENDERÉMOSVOS NA OFICINA PROVISIONAL NA RÚA MÉNDEZ NÚÑEZ. (POLO LATERAL DO EDIFICIO DO ATENEO

‘PREMIO MANUEL MURGUÍA AO LABOR E MÉRITO HISTORIOGRÁFICO’, 2010

ao Doutor *BERNARDO MÁIZ VÁZQUEZ* .

Sábado 16 de outubro, Compostela (Galiza).

PROMOVE: ASOCIACIÓN GALEGA DE HISTORIADORES/AS (AGH) e MURGUÍA, REVISTA GALEGA DE HISTORIA.

A XUNTA DIRECTIVA da **ASOCIACIÓN GALEGA DE HISTORIADORES/AS (AGH)**, reunida en Compostela, capital de Galiza, a dous días do mes de outono, so a presenza dos historiadores Carlos Velasco Souto, Alexandra Cabana Outeiro, Prudencio Viveiro Mogo, Ana Bande, Manuel Pazos, Artur González, Hadriám Román, Xosé Estévez, e Uxío-Breogán Diéguez Cequiel, en calidade de presidente,

DECIDEN:

a) Ratificar a proposta realizada na sesión do 10/07/2010 por Uxío-Breogán Diéguez de instituír xunto a ***Murguía, Revista Galega de Historia***, o “PREMIO MANUEL MURGUÍA AO LABOR E MÉRITO HISTORIOGRÁFICO”.

b) Manifestar a vontade unánime de lle conceder o devandito Premio ao veterano historiador Bernardo Máiz Vázquez, pola súa ampla obra, adicada centralmente a Galiza, xa que abriu liñas de investigación á que se incorporaron varias xeracións de historiadores até a actualidade; destacando Máiz Vázquez pola súa pulcritude e rigorosidade na procura e tratamento de fontes e a exposición de hipóteses e teses, así como pola súa recta conduta coa nosa Terra e súa dimensión humana.

Compostela, 2 de outubro de 2010
Prudencio Viveiro Mogo
Secretario da Asociación Galega de Historiadores/as

http://www.asociaciongalegadehistoriadores.com



PLATAFORMA
QUEREMOS GALEGO!

CAMPAÑA PARA CONTINUARMOS A DAR AS AULAS EN GALEGO

A Plataforma "Queremos galego" considera que estamos nun momento fundamental para procurarmos a paralización do decreto do plurilingüismo que a Consellaría de Educación pretende levar adiante e para o que presentou, o día 30 de decembro, as tendenciosas bases deseñadas para reducir a presenza do noso idioma no ensino.

Neste momento, segundo declaracións do Secretario Xeral, a Consellaría está analizando as alegacións e os informes que lle foron presentados, é dicir, estará dándolle voltas a como seguir impoñendo o que eles nomean como principios da súa proposta, despois de comprobar que están completamente sós e que o único que conseguiron nestas semanas foi poñernos de acordo a todos os que queremos a nosa lingua e non estamos dispostos a que sexa reducido o seu uso: profesorado, representantes do profesorado, alumnado, pais e nais, universidades, traballadores/as de normalizacións lingüística, equipos de normalización lingüística, expertos doutros países, editores, ILGA, RAG, Consello da Cultura Galega, MRPPs, etc.

Para a Plataforma, é inadmisíbel que, despois de anos de reivindicación e compromiso, despois de anos e anos en que o profesorado galego pulou por unha maior presenza do noso idioma nas aulas e na lexislación, despois de anos de formación e dedicación, un goberno galegófobo pretenda botar por terra tanto traballo, tanto esforzo.

Os que teñen máis idade iniciaron a reivindicación da galeguización do ensino dando as súas aulas en galego cando non estaba permitido, xa con anterioridade ao 75. E, aínda máis, todos os avances acadados até o de agora teñen uns protagonistas fundamentais: as profesoras e os profesores. E entre eles hai que mencionar a aqueles docentes que desafiaron os impedimentos e chegaron a ser expedientados por cometer o delito de dar aulas en galego. A todo ese traballo incansábel, a tantas mobilizacións, manifestos, sinaturas, folgas, cursos, horas e horas de estudo, debemos os avances acadados, entre eles que materias como as ciencias sociais leven máis de vinte anos sendo impartidas en galego.

E agora pretenden esborrallar esta conquista? Non o podemos permitir, porque está en xogo o futuro do noso idioma e a nosa propia identidade.

Por iso, desde a Plataforma, consideramos que debemos realizar cantas iniciativas sexan necesarias, e hai unha que nos parece esencial neste momento: declarar que seguiremos dando as nosas aulas en galego e expresar, desde xa, o noso compromiso, deixándolle claro a esta Consellaría de Educación que, por moitas voltas que lle dean, os e as docentes seguiremos empregando o noso idioma e, unha vez máis, fracasarán.

A SOCIEDADE E A ECONOMIA DO FERROL SEMIURBANO DO SECULO XVI

Por Ana Martín García
Licenciada en Xornalismo e Historia

O Ferrol de finais do século XVI -como boa parte das vilas do litoral de Galicia deses momentos- posuía unha economía moi vinculada ás actividades pesqueiras, sobre todo en torno á captura da sardiña.

A veciñanza de 1588 posúe información dos oficios desempeñados polos seus 244 veciños pecheiros, é dicir, con obrigas fiscais. Entre eles predominaban os pescadores, pero había tamén artesáns, carpinteiros de ribeira, xastres, canteiros e, tamén, pobres: corenta e seis necesitados, unha cifra bastante elevada.

Con iso e con todo, o 72% dos ferroláns da época estaban vinculados ás actividades pesqueiras, porcentaxe que aínda podería ser maior se consideramos que boa parte dos pobres rexistrados posiblemente podían entrar a formar parte das tripulacións en momentos de necesidade de brazos.

De entre os pescadores soamente o 40% posuían embarcacións propias, conformándose o resto simplemente con participacións nas artes de pesca. Non debemos pensar tampouco que eses propietarios de bastimentos gozaban na maioría de ocasións dunha situación económica folgada. En moitos casos o barco, de reducido tamaño, era a súa única propiedade. Ademais, as dimensións económicas do sector eran moi discretas.

En 1556 o licenciado Murga visita os alfolís de 20 portos galegos. O almacén de sal de Ferrol era o penúltimo en canto a ingresos, quedando soamente por detrás A Garda. Quizais esta situación tan discreta do porto ferrolán se debía non só ás notables carencias da súa flota, senón tamén á circunstancia de que boa parte das súas capturas se descargaban en Betanzos e A Coruña.

Un documento enviado polo concello ao Consello de Facenda en 1597 así o testemuña:

"y ban a açer la pesca a tres, quatro o cinco legoas desta villa y la que acen la mayor parte la inbian a vender a la ciudad de La Coruña, Betanços y Pontesdeume, de tal manera que no traen a esta villa poco más de una tercia parte de lo que matan, por les ser así forzoso a la venta y salida de la dicha pesca por no aver en esta villa el trato y comercio de forasteros que ay en las dichas ciudades..."

A pesca ferrolá do século do cincocentos orientábase fundamentalmente á obtención duns recursos mínimos para a supervivencia, e pouco máis.

En 1564 o monarca Filipe II, decide monopolizar para a Coroa a venda de sal e ao facelo aumentou o seu prezo. Unha medida económica que aos ollos do século XXI pode parecer intranscendente, pero que no XVI supuxo un duro golpe para as peixerías galegas. Na vila de Ferrol aumentou a diferenza entre pescadores ricos e pescadores pobres. Estes, ante o encarecemento do prezo do sal tiveron que optar por dúas solucións: vender a sardiña capturada a prezos inferiores ante o temor de perder as capturas, ou ben concentrarse na pesca de especies que non necesitasen de ningún proceso de transformación vinculado ao sal.

Deste modo, a especie máis capturada por estes pescadores de menos recursos económicos era o polbo, que non requiría da salgadura para a súa conservación, simplemente era secado ao sol.

A nova situación aberta tras o control pola Coroa do sal é a que provocou a ruína de moitos pescadores que



O alfolí ferrolán e o uso do sal

tiveron que refuxiarse na propiedade compartida, tanto en barcos coma en aparellos, e mesmo a cesión destes por parte dos pescadores máis acomodados aos menos favorecidos, a cambio dunha parte das capturas. O encarecemento do sal afectaba tamén aos panadeiros que ao non poder facer fronte ao seu prezo optaban por recoller auga do mar para mesturar coa fariña e conseguir deste modo salgar o pan.

Campesiños e gandeiros


Pero os ferroláns do século XVI non só vivían da pesca; o segundo sector en importancia era o agropecuario. Trátase de agricultura de subsistencia, ás veces complementada coa cría dalgunha cabeza de vacún ou dunhas cantas ovellas ou cabras. A cría de animais ou o coidado dunhas terras servían de complemento ás actividades pesqueiras.

A vila era claramente deficitaria en trigo e outros produtos de primeira necesidade, razón pola que era necesaria a súa importación. Por iso, dos tres mercadores mencionados nos expedientes de 1588 dous, Alonso López Domínguez e Antonio Arias de Mandiá, encontrábanse entre os cinco veciños máis ricos da vila, cuns bens valorados entre os 1.500 e os 2.000 ducados, unhas cantidades moi elevadas se temos en conta que o 82 por cento dos veciños de Ferrol non superaban os 150 ducados.


Nese grupo superior na pirámide socioeconómica da vila encontrábanse -xunto aos dous mercadores citados- o alcalde Rodrigo López de Mandiá e os integrantes da pequena nobreza, acaparadora dos postos do concello da vila.

Nas últimas décadas do século XVI, a monarquía católica española decidía que Ferrol, pola súa situación e características xeográficas, debía converterse na base da mariña de guerra, no eixe da nova política atlántica e dos seus plans navais filipinos. Poderiamos supoñer que esta decisión supuxo cambios no aspecto económico da localidade e en efecto, así sucedeu. O elevado número de tropa que se acantonou na vila fixo incrementar a actividade mercantil, posto que se facía necesario alimentar a soldadesca. Esa poboación flotante carecía de cuarteis, vivían aloxados nas casas da vila causando coa súa estanza non poucos estragos nas vivendas dos pescadores e campesiños, nas sementeiras e viñas. Pola súa causa, moitos veciños fuxían da zona, emigraban cara a lugares máis seguros nos que refuxiarse dunha ruína segura.

"que por ser los vezinos della mareantes pobres y no tener otra haçienda más de sus barcos y redes y algunas viñas en contorno de que se sustentaban, las dichas harmadas los an destruido tomándoles sus casas y quemándoselas, las unas del todo y las otras la madera, y les han diçipado las viñas y talado los montes y tomándole los barcos y gente para el serviçio de las dichas harmadas y dar carena a los navíos y pasar la gente de unos a otros y acarrear lo nescesario para el hedificio de los fuertes que allí se an hecho y hornos de Neda y llebar a ellos trigo, quitándoles el poder ir a pescar para sustentarse, quedando perdidos y arruinados, en que an resçevido más de treynta mill ducados de daño(...), a cuya causa se ba despoblando de



Unha decisión Real



As cargas da presenza da armada

suerte que no ay en ella ochenta vezinos y todos ellos no tienen hacienda que valda diez mill ducados."

A chegada desa tropa supuxo un claro retroceso nas dúas actividades que dominaban o panorama económico da vila ata aqueles momentos: a agricultura e, sobre todo, a pesca.

Pero aínda que o lastre dos aloxamentos de tropas tivo que ser un elemento moi a ter en conta no declive económico, houbo outros factores a ter en conta.

A consolidación do seu porto como albergue de armadas trouxo consigo outra serie de cargas non menos angustiosas para unha poboación que xa con anterioridade subsistía a duras penas.
As obras de fortificación na ría e o transporte de materiais, así como a propia recruta de homes para as armadas, foron elementos que agravaron aínda máis as precarias condicións de vida dos sectores máis pobres da vila, porque -aínda que as levas forzadas ou a requisa de barcos ou embarcacións levaban consigo, a pesar dese carácter obrigatorio, un soldo pagado pola Coroa- a tardanza deses emolumentos e a dureza dos traballos non parecía compensar o esforzo.

As novas profesións
Con todo, as necesidades de provisións atraeron cara a Ferrol e a súa ría a un número destacado de novas profesións, vinculadas ao comercio ,tanto polo miúdo coma por xunto, ou ao artesanado. Pero estes novos sectores económicos permanecían na localidade soamente nos meses de estanza da flota para desaparecer sen deixar rastro en canto esta marchaba.

Estancamento demográfico
A acción corrosiva efectuada por este establecemento militar no Ferrol dos Austrias deixará a vila sumida nun longo proceso de estancamento demográfico e económico do que non sairá ata o último terzo da centuria da man das dúas actividades económicas que a caracterizaran antes da chegada das flotas: a pesca e a agricultura.

O futuro
Pero os desordes económicos derivados da presenza de tropa na nosa costa, mantívose con altibaixos ata a década dos corenta do século XVII. A paz de Westfalia e o posterior xiro da política exterior da monarquía detrás da recuperación de Portugal, supuxeron a fin das armadas na ría ferrolá, ou polo menos un descanso, ata a verdadeira configuración da vila en fondeadoiro estable da mariña de guerra xa a mediados do XVIII e de mans dunha nova dinastía, a borbónica.

PEQUENAS HISTORIAS DUNHA GRAN COMARCA: FERROLTERRA

Por Ana Martín García

A LENDA DO EUME


Conta a lenda que cando Deus creou os ríos, fixo que tres nacesen xuntos na Serra do Xistral. Pero aínda que os tres mananciais xurdiron no mesmo punto, cada corrente de auga buscou a súa saída ao mar por distintas abas. Aquela deidade prometeulles que, ao primeiro que acadase as augas salgadas, recompensaríao co maior e mellor dos trofeos: un home.
O Eume comezou o seu descenso polas terras de As Pontes. O Landro, buscaría unha vertente norte na que fecundar carballeiras para producir landras. O Masma apresurábase a descender pola aba raiante co fin de crear marismas na súa desembocadura. Ao pouco de iniciar o seu camiño, decidiron darse un descanso, pero só o Eume cumpriu o pacto, mentres que os outros -aproveitando o seu repouso- avanzaron con présa rumbo ao Atlántico. Cando espertou, o Eume enfureceuse tanto que acelerou a súa marcha, pasou por Monfero ao tempo que creaba beiras na Capela e Caaveiro, labrando os famosos canóns. Preto do mar, Pontedeume e Cabanas puideron ver como o Eume lograba chegar o primeiro.



Fragas do Eume

O OSO E O XABARÍN DE PONTEDEUME

Pontedeume naceu no Nadal de 1270. Foi entón cando Afonso X o Sabio concedeu aos veciños da bisbarra a autorización para construír unha cidade con goberno autónomo, é dicir, a urbe non dependería de ningún señor feudal senón directamente do rei.
Non obstante, un século máis tarde, o monarca Henrique II de Trastámara, tras derrotar ao seu irmán Pedro, concedeu o señorío da vila a Fernán Pérez de Andrade, ou Boo, en pagamento pola súa colaboración e lealdade nas loitas fraticidas.
Foi este Andrade o iniciador dunha liñaxe que chegou a posuír vastos territorios que se estendían ata Ferrol, Vilalba e Betanzos. A súa pegada, a súa marca identificativa plásmase a través dun oso e un xabaril, símbolos da fortaleza física e intelectual. Un exemplo constitúeno os dous animais labrados en pedra que dan a benvida ao visitante á entrada do concello, xusto antes da ponte sobre o Eume que dá nome á localidade.




Xabarín dos Andrade en Pontedeume

O POLBO DE MUGARDOS

Coa chegada do século XVIII, Mugardos viviu o impulso demográfico que supuxo a creación dos arsenais ferroláns. O asentamento na vila de grupos de cataláns que introduciron novas artes de pesca e abriron ata catro fábricas de salgadura, parecía traer prosperidade á vila.

Mais non foi tal. As novidades catalás transformaron as bases económicas e sociais dos mugardeses.
A Coroa outorgou a exclusividade na captura de determinadas especies de peixe aos cataláns. A capacidade de produción dos catalás era maior que a dos mugardeses polo que, era lóxico que a Coroa -ante a necesidade de abastecer a cidade de Ferrol- concedéralles certos privilexios. Sen embargo, estas medidas arruinaron aos mugardeses, que ou ben perdían a súa liberdade e convertíanse en "proletarios" das factorías, ou ben trataban de pescar libremente aquelas especies que non "pertencían" aos cataláns. E aínda que trataron de reivindicar os seus dereitos, de nada valeron as súas protestas nin os seus litixios en contra das novas técnicas. Arruinados e derrotados, os pescadores abandonaron o contencioso e especializáronse na pesca do polbo.



Mugardos

ARES E O VERANEO BRITÁNICO

Á enseada de Ares chegaron en 1804 os ingleses tras o seu fracasado desembarco de Doniños. Quizais xa por aquel entón percibiron aqueles británicos a placidez desta ría e os beneficios deste morno clima, pois uns anos máis tarde, algúns dos enxeñeiros ingleses que traballaban nos estaleiros de Ferrol, presumían de ter escollido a praia do Raso como lugar de veraneo.



Praia de Ares

FERROL. FESTAS, FASTOS E NEFASTOS

Por Juan J. Burgoa

As festas, os fastos que diría Ovidio, forman parte da memoria colectiva e do acervo cultural dos pobos, sendo un indicador da evolución dos seus usos e costumes. No agro, as festas sempre seguiron o ancestral calendario das estacións atmosféricas e os ciclos do Sol e da Lúa, adaptándose aos traballos do campo e á evolución das colleitas. Do mesmo xeito, a Igrexa, co seu secular sincretismo, adaptou as celebracións dos seus santos e santiños ás festas profanas dos deuses pagáns e ás crenzas populares que celebran os ciclos do tempo. Non obstante, certas celebracións como os fiadeiros, as mallas e as esfolladas, ou costumes como as cinzarradas, as regueifas e os bailes de tranca, perdéronse ou consérvanse de xeito testemuñal.

Por outra banda, as cidades e vilas importantes, máis cosmopolitas e indolentes que as aldeas e cunhas tradicións de menor raizame, escollen os meses do verán como a época axeitada para celebrar as festas, moitas veces sen coincidir coa data do patrón. Como noutros lugares, o ciclo festivo de Ferrol amosa ao longo do ano unha serie de fastos que mesturan celebracións relixiosas con festas populares, unhas inventadas e outras de fonda tradición e con pegada propia na urbe. Mentres o rural galego celebra na primavera a rapa das bestas e os curros de cabalos cimarróns, Ferrol ten a súa propia Festa do traslado do Cabalo, sen periodicidade fixa, ante o abraio ou simplemente a curiosidade de propios e estraños .

Ferrol ten como patrón a San Xiao, un dos santos de haxiografía máis variada e de culto máis vedraño en Galicia, celebrándose a súa festividade o día sete de xaneiro desde que o bispo mindoniense Cuadrillero consagrou un tal San Xiao de Antioquía como patrón de Ferrol, - en contra da tradición e do sentir popular -, co apoio dun bando do Alcalde Maior Álvarez Caballero que instituíu a Función con Voto no ano 1786. Aínda que os veciños de Ferrol celebraban desde tempo inmemorial esta festa, co paso dos anos perdeu a súa relevancia, quedando tan só os insulsos fastos protocolarios do Concello, incluído o invento do arroz con leite, nun día festivo que os veciños aproveitan para acudir ás rebaixas, hoxe en Ferrol e antes na veciña Marineda.

A seguinte festa do ciclo anual é o Entroido. Na súa antiga orixe latexa un dobre senso anovador da vida, un de orixe pagá proclamando a fin do inverno e outro de tradición cristiá anunciando o principio da Coresma, amosando o desexo de cambiar de roles e romper coa orde establecida. Dos arraigados festexos do carnaval, fortemente vividos na Galicia rural, subsiste a súa celebración en lugares como Verín, Laza e Xinzo de Limia en Ourense, Chantada en Lugo e Vilaboa e a comarca do Ulla en Pontevedra, comezando no Domingo Fareleiro, seguindo cos Xoves de Comadres e Compadres, e rematando no Domingo de Piñata.

No que se refire aos carnavais urbanos, teñen unha tradición italiana, amosando certa entidade desde o século XIX en Vigo, A Coruña e Pontevedra. No caso de Ferrol consta a súa celebración desde fins do século XVIII, regulados en bandos municipais desde o ano 1784. Na súa dobre vertente, unha máis popular e barullenta nas rúas e outra máis elitista nos teatros e sociedades, tivo o seu maior auxe a cabalo dos século XIX e XX, coa celebración da corrida do galo, os desfiles de comparsas e carrozas e os bailes de disfraces no Hospital de Caridade, no Teatro Jofre e nas sociedades recreativas.

Nos últimos anos, ante o esmorecemento das murgas e comparsas, un dos sinais de identidade do carnaval ferrolán consiste nunha ruidosa pléiade de mozos e mozas

vestidos de monos de traballo que, nun alarde de imaxinación e bo gusto, percorren as rúas lanzando ovos ao chan, ás fachadas urbanas e, se cadra, a algún parvo viandante. Non obstante, cumpre significar que este ano renaceron das cinzas as comparsas, mentres que unha das tradicións máis arraigadas -o Enterro da Sardiña- símbolo cristián do xaxún e a abstinencia da Coresma, mantén a súa concorrida celebración no barrio de Ultramar.

San Xosé, o pai nutricio de Xesús -festexado no mundo cristián desde a Idade Media- é un dos nomes máis usados en Galicia, prostituído ultimamente pola connotación comercial de ser o Día do Pai. En Ferrol ten o especial relevo de levarse a cabo na súa véspera a animada Noite das Pepitas, de fonda tradición musical, que ten o innegable éxito de encher de visitantes as rúas ferrolás. A celebración de San Xosé Artesán naceu a fins do século XIX, iniciada polas rondallas dos traballadores do sector naval, que combinaban as cancións tradicionais de Ferrol coas habaneiras e a música de alén o mar. Hoxe en día é unha das festas máis arraigadas na cidade, xa coa incorporación da muller, aínda que serían desexables máis roldas nas rúas e prazas e menos fastos nas sociedades recreativas.

Dentro dos festexos particulares deste ano, cabe cualificar de festival circense propio do Entroido aos esperpénticos fastos da inauguración da metade do cemiterio urbano da praza de España – da chamada praza da Desolación -, nunhas obras de seis anos que converteron o lugar nun arrepiante pastiche de ferro e formigón. Nin sequera o tradicional ramiño de loureiro das inauguracións lembrou que o verde tamén existe. Como lle dixo un freire a Don Quixote, tamén hai que lle dicir ao actual e aos anteriores rexedores municipais, que deixen de andar vagando polo mundo papando vento e dando que rir a cantos os coñecen e non os coñecen

Os actuais desfiles da Semana Santa constitúen a manifestación pública dunha relixiosidade popular que levou á rúa, na forma de procesións itinerantes, as antergas escenificacións do teatro medieval celebradas na propia igrexa, representando a Paixón, a Morte e a Resurrección de Cristo. Aínda que estas celebracións se remontan ao medievo, a Semana Santa ferrolá documéntase desde o ano 1616, coa presenza das confrarías do Santísimo, do Rosario e das Ánimas, e coa Cerimonia do Desencravo o Venres Santo na Praza Vella.

Coa soleira dunha poboación de aluvión, as procesións modularon as súas antigas tradicións con influxos relixiosos e culturais de lugares como Cádiz, Castela e Cartaxena. Resultou así unha Semana Santa sobria e disciplinada, dotada dunha ricaz imaxinería e ornato floral, que combina de xeito ecléctico a cultura, o turismo e a devoción popular, aínda que precisa máis sordina e menos tamborrada nas bandas e bandurrias acompañantes e sóbralle o anódino apéndice do Encontro no Domingo de Resurrección. Nos últimos tempos adoece tamén dalgúns discutibles aditamentos folclóricos, mentres que un rechamante folleto cívico-relixioso, presentado na capital do Estado, mestura o procesionario coa contraprogramación do espectáculo do cabaliño.

No luns de Pascua celébrase a romaría de Chamorro, unha das poucas conservadas na urbe, xa perdida nas brétemas do tempo a romaría de San Roque e desaparecidas as afamadas festas de troula e xantar dos soutos de San Pedro e San Xoán. A ermida da Virxe do Nordés, aínda hoxe de incomprensible titularidade privada, é o resultado da cristianización de vellos cultos arredor dunha pena de embade integrada no pórtico da capela. No día da festa, desde a mañanciña ata o solpor, centos de romeiros repártense o escaso espazo arredor do santuario para mercar os exvotos e candeas, degustar as rosquillas e celebrar unha tradicional xornada festiva. Ademais seguen a celebrarse na comarca as romarías relixiosas do Voto de Chanteiro, na outra banda, e a de Santo Antonio na Cabana, así como a romaría civil do Pote en Maniños, con desigual presenza dos ferroláns nas mesmas.

As cerimonias e ritos coñecidos en Galicia como Os Maios, son residuos de vellos cultos de orixe agrícola, celebrando o retorno da primavera e o renacer da natureza. Festexan a fin do inverno e o comezo do bo tempo coa floración e a frutificación dos vexetais. A propia Igrexa, facendo uso da súa habitual adaptación, integrou estes antigos costumes agrarios nos seus ritos relixiosos, convertendo as festas de Maio na festividade da Santa Cruz. Mentres tanto, nos dinámicos concellos veciños, os celtistas de baixa intensidade recuperan da noite dos tempos a festa de Aureana, a lenda da Pena Molexa e o Oenach da Feira do Trece.

En Ferrol, a vella aldea de Canido tivo de sempre unha dedicación agrícola

ao cultivo da vide e dos cereais, o que explica que un barrio hoxe nucleado na cidade siga a manter uns ritos e costumes máis propios do ámbito rural galego. Por iso, aínda hoxe a procesión e a festa relixiosa da Santa Cruz e os fastos profanos de Os Maios mantense no barrio ferrolán, reflectido no adobío do secular cruceiro da praciña de Canido con plantas e flores, e na erección de vistosos altares vexetais nas beiras da rúa Alonso López e a praza da Tahona, como mostra da conservación das antigas tradicións veciñais.

Seguindo co calendario festivo, chegamos a San Xoán, unha das festas máis esperadas do ano, coincidindo co solsticio de verán, sendo o santo de culto máis intenso en Europa. Son abondosas as tradicións desenvolvidas nesta festa arredor do culto ao sol, dos baños nas ondas do mar e do uso das augas das fontes coas herbas sanxoaniñas – fiúncho, loureiro, sabugueiro -, mentres que a Terra e Mar de Ferrol presenta a singularidade de celebrar os fastos das sardiñadas culturais, adobiadas coa presenza dos inefables políticos.

A tradición máis coñecida nesta data é a das luminarias ou cacharelas, acesas na véspera. Ergueitas con fins purificadores nas prazas e encrucilladas, persisten arredor delas vedraños costumes como recoller a leña corenta días antes, saltalas un número impar de veces ou bailar as mozas e mozos arredor do lume, mentres que as emerxentes tribos urbanas se incorporan a esta vella tradición celebrando os seus botellóns -degradadas festas do viño- ao tempo que prenden lume ás fogueiras que enchen de lixo as praias de Riazor, Panxón e Samil.

Xa non teñen lugar en Ferrol as grandes luminarias de antano, como a de Canido, baixando cara a fonte de Insúa, ou a da estrada de Castela, no cruzamento de San Xoán de Filgueira, onde se esperaba ao paso do derradeiro tranvía camiño de Cocheras para plantarlle lume. Algúns barrios ferroláns seguen a prender lume ás fogueiras na véspera de San Xoán, salientando a monumental luminaria, onte acesa fronte ao Cuartel de Dolores e hoxe levantada na praza de Ferrándiz, mais sempre coa concorrida presenza dos veciños do barrio de Esteiro.

As vilas costeiras renden culto á Virxe do Carme, patroa da xente do mar, celebrándose o 16 de Xullo vistosas romarías marítimas, portando a imaxe carmelita -por rolda ou por sorteo- as embarcacións dos pescadores. Desaparecidas ao final do pasado século as procesións do Carme no barrio de Ferrol Vello e en San Filipe, nas comarcas de Eume e Ortegal salientan aínda hoxe as tradicionais celebracións nos portos de Redes, Pontedeume e Cariño, mentres en Ferrol ten lugar unha aséptica e restrinxida celebración por parte da Armada.

No mes de xullo, o do Apóstolo Santiago, cómpre lembrar a vergoñenta falla de atención e colaboración da Xunta e o Concello cara ao Camiño Inglés neste Ano Xacobeo. Desde época medieval, Ferrol e a súa ría, incluíndo os portos de Neda e Mugardos, foron o intermitente lugar de chegada dos peregrinos do Norte de Europa, que preferían a ruta marítima, máis rápida e segura que o longo camiño terrestre, a pesar do perigo dos ataques dos piratas e dos naufraxios no caso de mal tempo. Xa que logo, é hora de que a nova Universidade de Ferrol e a noviña Academia de San Rosendo deixen de ollar os camiños do sol e das estrelas e dirixan a súa atención ao Camiño Inglés, como parte do patrimonio cultural de Ferrol, demandando neste Xacobeo menos fastos e concertos e máis coidado dos albergues e vieiros.

As festas patronais de Ferrol foron substituídas no ano 1896 polas festas laicas do Marqués de Amboage – esquecido benfeitor da cidade -, nas máis axeitadas datas do verán. Tempo atrás estes festexos tiveron gran sona, asistindo moitos visitantes aos fogos de San Ramón, un dos de maior renome en Galicia. Co paso do tempo, esta festividade perdeu a súa identidade, celebrándose o mes de agosto as chamadas Festas de Verán, unha serie de actos dispersos, coa presenza de numerosos triunfitos, naranjitos e outros espectáculos anódinos e sen interese, que ás penas conectan cos veciños, ou mesmo se adiantan ao mes de xullo coa mesma carencia de enxunlla. Non estaría de máis que algunha desas paveras tribunas recén formadas demandasen un pouco máis de coherencia nestas festas.

Lonxe daquelas animadas Batallas de Flores ou dos concorridos Días da Comarca – substituídos polos fastos dos Días de Lugo ou Mondoñedo que tan só interesan aos respectivos Alcaldes e demais prebostes -, os últimos anos semellan máis choscas as persoas responsables destas festiñas. Entre outras trapalladas, aducindo presuntas razóns de seguridade, o sinal de identidade das festas -os fogos

de Amboage- lévanse cada vez máis lonxe do seu lugar inicial na praza do Marqués: primeiro ao peirao de Curuxeiras e logo á enseada da Malata, quizais rematando un ano destes no castelo de San Filipe, para que ese senlleiro monumento sirva para algo máis que para acampadas.

Mentres o desaproveitado recinto feiral de Punta Arnela, (que algúns xa chaman feira da longaínza), non é quen de ofrecer unha atraínte programación de actividades festivas como as que tiñan lugar noutros tempos, vemos como o Ateneo Ferrolán segue a atopar atrancos para levar a cabo o veterano premio de gaita Constantino Bellón e o Real Coro Toxos e Froles non é quen de dar a debida continuidade ao festival folclórico que celebraba nos últimos veráns. Quizais algunha desas graciosas tertulias da urbe ou esas noviñas e entusiastas asociacións de amigos da lírica e da épica, que de xeito abondoso xorden en Ferrol como os cogomelos no monte, poidan servir de alicerce a estas actividades festivas.

Ademais das festas ¿maiores? da urbe, os barrios da cidade (Canido, Esteiro, Caranza, Inferniño) e as parroquias do arredor (A Graña, San Xurxo, Doniños, Serantes) manteñen as súas festas patronais, adaptándoas como poden á evolución dos gustos populares. Mentres que ao inicio do milenio perderon categoría as históricas Festas da Parrocheira, o Concello segue coa teima de celebrar un Mercado Medieval no barrio de Ferrol Vello, o lugar máis degradado da urbe, non sendo quen de levar a cabo unha Feira adicada á Ilustración dentro das Festas do Verán, lembrando a Real Cédula de agosto de 1767 pola que o rei Carlos III concedía unha feira mensual na praza da nova poboación de Ferrol.

O mes de novembro é tamén pródigo en celebracións populares na terra galega. Iníciase cos Días de Santos e Defuntos, datas na que se visitan os cemiterios para poñerlles flores e honrar aos defuntos, nunha celebración de especial raizame no ámbito rural, onde subsiste no imaxinario popular a idea de que a parroquia dos mortos acompaña aos vivos no seu tránsito polo mundo. Todo o contrario do hoxe considerado politicamente correcto nas asépticas sociedades urbanas, que tenden a esconder aos sempre molestos mortos ou, como moito, reducen a súa presenza a actos puramente simbólicos.


Unha das arraigadas tradicións galegas, o Magosto, segue aínda viva en moitos lugares. A súa celebración significou no ámbito rural a festa do lume, das ánimas do Purgatorio, dos colariños de zonchos e do viño novo, nas datas de Santos ata San Martíño, cando ten lugar a Matanza do porco, outro costume ritual de gran relevo na economía familiar galega. Nos últimos anos, en moitos lugares da Terra e Mar de Ferrol, celébrase de xeito mimético entre a xente moza uns fastos a medio camiño entre a emerxente festa celta das caveiras do Samaín e o hiperenxebrismo dos importados festexos do Halloween anglo-saxón.


O ciclo do Nadal tamén abonda en vedraños costumes e celebracións familiares, tanto cristiás como profanas. Mantense en algúns sitios a Misa do Galo na Noiteboa e o canto das panxoliñas acompañadas de cunchas, ferriños e pandeiros, aínda que desapareceron os tradicionais aninovos ou aguinaldos e os reis. Vellos costumes como deixar un prato na mesa para os familiares mortos, a prohibición de varrer a cociña para non botar as almiñas fóra do lar ou manter o Tizón de Nadal aceso toda a noite como protección cara aos espíritos malignos, apenas se manteñen no mundo rural. Mesmo se perderon os pratos típicos destas festas como a coliflor con bacallao, substituído polos fastos do inevitable marisco.

Hoxe en día o mundo urbano, alienado pola cultura de masas e mediatizado polas grandes superficies, mudou as súas pautas de comportamento cara a unhas festas de Nadal de deseño dirixido e de patróns obrigatorios. Agroman novos costumes, como a horterada de colgar dos balcóns aos Reis Magos, Papá Noel ou o Neno Xesús, costume que, ademais de poder ofender ás santas conciencias laicas de determinadas persoas, non reflicten a verdadeira realidade social de que os que hoxe realmente entran nas casas (non sei se con permiso da autoridade competente) son certas bandas de cidadáns doutras latitudes.

Corren malos tempos para a lírica e a utopía. O tempo será testemuña se os cambios sufridos pola sociedade tiveron lugar para a nosa mellora como persoas e cidadáns. Algúns coidamos que, a pesar do pregoado espírito de Nadal, a pobreza, a soidade e a marxinación que sofren moitos dos nosos semellantes nesta sociedade cosmopolita (ou globalizada, como algúns din agora), faise aínda máis patente e ostensible nestas insoportables datas de consumo inmoderado.


FERROL
GRANDES FIESTAS
EN HONOR AL
MARQUÉS DE AMBOAGE
AGOSTO


FERROL
GRANDES
FIESTAS
EN
EL FERROL DEL CAUDILLO
AGOSTO DE 1957


Grandes Fiestas
CAUDILLO DE ESPAÑA
EL FERROL DEL CAUDILLO
El Ferrol del Caudillo
AGOSTO-1967


Festas de Verán


FIESTAS DE
AMBOAGE
FERROL 88


AGOSTO
DEL 24 AL 31
EL FERROL
DEL CAUDILLO
FIESTAS
1965

O direito à folga nom existe

Por Lupe Ces

De manhá, de tarde ou de noite, nas ruas e nas casas, nos postos de trabalho... todo o mundo participamos ou escoitamos estes días conversaçons sobre a folga que está convocada para o próximo 29 de Setembro. Nom estou a falar das horas e horas de campanha antisindical e antifolga, desenvolvidas polos medios de comunicaçom, preocupados por umha suposta violaçom do direito a ir a trabalhar, direito que se lhe nega em todo caso a mais de 220.000 na Galiza e catro milhons e médio de pessoas todos os días no estado espanhol, e por uns serviços mínimos, que ocupam o lugar que deveriam protagonizar os agentes convocantes da folga e o debate sobre a reforma laboral e das pensons, que tanto vai marcar as nossas vidas e o nosso futuro. Tampouco me estou a referir a esses tertulianos regurgitadores, na súa maioria, do prefabricado pensamento único, senom às conversas onde se discute se se vai a apoiar à folga, como se vai a organizar o día, que se opina dos sindicatos, e que esperança hai de cambiar as cousas ... porque isso sim, todo o mundo coincidimos de que a cousa pinta mal.

Se bem é certo que o meu pulsómetro de opiniom é bem reduzido, e que só se vê ampliado polas experiencias e comentários sobre outras conversaçons escoitadas pola gente que à sua vez fala comigo, vou dar o meu testemunho sobre o que levo vivido estes dias e que se condensa numha soa frase "O DEREITO À FOLGA NOM EXISTE NA MAIORÍA DOS POSTOS DE TRABALHO", e só, a valentia e convicçom de muitos trabalhadores e trabalhadoras vai fazer possível que o 29S podam cumprir-se minimamente os objetivos de mobilizaçom.

Os tertulianos e algumhas tertulianas, todos estes días vozeavam que se os sindicatos conseguiam parar o transporte público, a folga estaria ganhada, dando a entender que era doado acadar o seu objetivo, como dicindo "assim qualquera fai umha folga geral" , quando em realidade, o destacável é que só no sector público e tamém, ainda que em menor medida, na grande empresa que concentra um número significativo de empregados e empregadas num só centro de trabalho, com comités de empresa fortes, com anos de experiencia organizativa, os trabalhadores e trabalhadoras podem ir à folga com um mínimo de garantías. No resto de empresas, quitando honrosas excepçons, a chantagem, a coacçom, o medo ao despido e às represálias, estám instaurados no dia a dia da vida dos trabalhadores e trabalhadoras.

Este é o verdadeiro termómetro democrático da sociedade que temos neste momento. A reforma laboral, a reforma das pensons, as medidas económicas... nada disto estava nos programas eleitorais dos partidos, e menos do partido que exerce no governo espanhol. Todas estas medidas forom inspiradas e exigidas por organismos internacionais (FMI, BM, Comissom Europeia...) que nunca fôrom elegidos democraticamente e nunca pugérom baixo a soberania popular a aprovaçom das suas políticas de "reajuste estrutural".

Se preguntamos à maioria das pessoas em idade de trabalhar se quere que se aumente a idade de jubilaçom, a resposta seria maioritariamente negativa. O mesmo sucederia se se pergunta polo modelo de despedimento, polo tipo de contrato, polo salario mínimo, pola quantia das pensons, ...

Outra pergunta que aclararia muito a situaçom seria a consulta sobre a

banca pública, ou em que medida tenhem que aportar ao benestar social as grandes fortunas. E como essa, outras muitas que realmente fixeram aumentar a participaçom cidadá na aprovaçom de políticas públicas que tanto influem na vida e saúde das pessoas. Porque estamos falando da diferença entre viver umha vida laboral tranquila, enfrontando só os problemas que vam xurdindo dia a dia, que nom som poucos, derivados da própria atividade laboral, e o viver como se vive agora, por umha importantíssima porcentagem da classe trabalhadora, co medo ao despido, sem esperança pola escassez de emprego e aturando humilhaçons e chantagem, unido a prolongadíssimas jornadas laborais que já está tendo um efeito devastador nesta geraçom em quanto a enfermidades, acidentes e esperança de vida ...

Todo isto se desprende das conversas destes dias "se vou à folga, o xoves me chamam à oficina e dam-me o finiquito"; "agardaremos aos piquetes, fechamos e logo volvemos a abrir, isso é o que nos mandam"; "se perdo o posto de trabalho a onde vou?"; "como aqui tenhem moi difícil que poidamos vir trabalhar, obrigarom-nos moi amavelmente a colher vacacións"... Isso é o que hai, e me ratifico NOM EXISTE O DIREITO À FOLGA. Dos sindidatos, das suas políticas, do que temos que cambiar em todos eles, nos nossos e nos que nos som alheos... hai que falar depois do 29S, agora unidade, unidade, unidade sindical fronte ao Capital.





NA SOMBRA ÍNTIMA DE UXÍO NOVONEYRA (II)

Por Rosa Méndez Fonte

De novo aquí, preparada nesta volta para rabuñar gustosa na memoria e atopar no seu cerne ese espazo íntimo onde se suceden andeis con ben identificadas caixas de recordos, dispostos a non se esquecer. Mais debo recoñecer que non sempre son quen de etiquetalos con datas exactas; máis ben, pola contra, adoito preservalos da man de lugares, arrecendos, miradas, sabores, cores brandas e sensacións inexplicables. Por iso agora, véxome na obriga de precisar apuntes reais que me vaian marcando o camiño que dea conta deses tempos que compartín con Uxío aquí, neste "Ferrol dos Traballadores" como el gustaba chamalo. Uns apuntamentos que teño especialmente recollidos nesas dedicatorias coas que me foi agasallando nos seus libros de poemas; algúns mercados por min, outros, os máis, agasallos que de continuo me tiña reservados nos nosos encontros.

"Din o sonos i os paxaros:
A morte non é certa."

(*Elegías del Caurel y otros poemas*, Adonais, 1966)

Neste primeiro libro, obsequio de Álvaro Espilla -nun tempo no que ambos formabamos parte da Directiva do Ateneo- acho unha primeira dedicatoria, do 19 de xaneiro de 1990. Ese día tiven a honra de presentar no Salón de Actos o recital "Uxío Novoneyra. 40 anos da súa poesía"; un recital magnífico -como todos os del- que aínda conservo gravado e non hai vez que o escoite sen me impresionar pola forza da súa voz, do seu ton exacto, da súa palabra forte e breve. Lembro que coincidía a data co seu aniversario e, ao remate do acto, tiñámoslle preparada a sorpresa dun grande pastel, que todos e todas compartimos alí, na Cafetería do Ateneo.
A partir de entón, foron medrando entre nós permanentes contactos, que remataron nunha fonda amizade, compartida logo con Elba, Branca, Uxío e Arturo. Non houbo día que fose a Compostela sen vérmonos e comentar novas; en moitas ocasións no Auditorio, as menos no Derby. Ultimamente xa, na súa casa; aberta de par en par aos amigos. A grande hospitalidade e o ton alegre no recibimento foron sempre unha constante; sentimento compartido polos que nos sentiamos aprezados por todos eles.

"A miña loita é dura,
e volvo cos ollos cansos
ás veces de ter visto
a terra que non muda."

Pablo Neruda (*Los versos del Capitán)*

Pero continuarei con Ferrol, que diso se trata. Foi un venres, 13 de marzo de 1998, nun recital poético en homenaxe a Pablo Neruda, por cumprirse nesa data vintecinco anos do seu pasamento. Tamén nesa ocasión foi o Ateneo quen organizaba o acto e eu, por vez primeira, compartín mesa e versos propios cos de Uxío, sentindo gran pracer por tan grande honra. Sen acordo previo, os dous recitamos poemas de Neruda en galego; mesturando Uxío con estes algún dos seus:

Anque caia o Monumento á Ausencia
ti quedarás como nós quedaremos
pois xa estamos na Lingua
con tódolos nosos rostros do noso pobo
cada un co seu xeito
que se animan e volven cando falamos
coma agora."

(*Poemas da doada certeza*, 1994)

Ese día veu acompañado por Elba. Sen necesidade de palabras, souben da súa grave enfermidade; non son precisos comentarios, cando todo o estaba dicindo a berros a mirada preocupada dela. A modo de anécdota trivial, lembro agora tamén, cun sorriso, os esforzos de Elba por aparcar o coche na rúa do Dolores; unha e outra vez adiante, atrás, volta a empezar. "Rosa, apárcalle ti o coche", pediume Uxío entre risos. Elba... que tantos quilómetros facía a diario de Santiago a Rianxo, que tantos outros tiña feito de Santiago ao Courel, non adoitaba atopar o xeito de facelo en ocos pequenos.

"Biquei súa tristura i atopei os labios.
Na aperta prendémolo Mundo"

(*Muller pra lonxe*, 1986)

Ao ano seguinte, polo mes de maio, e con motivo do Día das Letras, invitámolo a dar o que sería o seu derradeiro recital, no salón de actos do Campus de Esteiro; acompañouno na mesa o tamén bo amigo Euloxio Ruibal. Teño que confesar, que costoume bastante convencelo para que viñese; as forzas íano deixando paseniñamente e era consciente do canso que remataba tras a lectura dos seus versos, que se mesturaban coa paixón do seu espírito, sempre forte. Uxío, novamente, deixounos impresionados a todos os que alí estabamos, pola enerxía que transmitía en cada palabra, en cada rexistro de silencio. A súa man ía e viña, subía e baixaba, acompasada, coma quen leva o ritmo de cada unha das sílabas. O salón de actos –grande dabondo- estaba cheo a rebosar, pero non se escoitaba máis que a súa voz e aqueles longos espazos en branco que ía permitindo. Nunca tiña estado nun recital de poesía tan multitudinario, proba unha vez máis de que o aprecio que Uxío tiña a Ferrol era correspondido por un bo número das súas xentes. Hoxe estou segura de que el sabía que aquela era a súa última lectura de poemas.

Ao remate, fomos xantar á Casa do Mar, e na sobremesa estivemos falando –medio en serio, medio en broma- da posibilidade de facer un concerto ao aire libre, no que a música correse a cargo de todas as campás das parroquias do Courel. A idea era fantástica, e até estabamos animados a levala a cabo, pero non houbo tempo. Uxío faleceu poucos meses despois, na mesma data que el puxera para a Homenaxe que se lle ía facer en Compostela: o 30 de outubro de 1999. Apenas uns días antes visiteino no hospital, e sempre gardarei na memoria aquel sorriso que me adicou ao verme achegar a el e bicalo, namentres me dicía baixiño, case nun murmurio: Rosa de Ferrol.

O día do seu pasamento, unha chuviosa e desapacible tarde de outono, e saíndo do Panteón de Galegos Ilustres (en San Domingos de Bonaval) onde repousaron durante unhas horas os seus restos, Pepe Leira e mais eu puxémonos en contacto co alcalde de Seoane do Courel, co fin de pedirlle que falara cos párrocos das diferentes igrexas dos concellos limítrofes para que estes deran a orde de facer soar as súas campás ao mesmo tempo que despedíamos a Uxío no cemiterio municipal de Lugo. E así foi, ás seis da tarde, todas elas comezaron a soar e a escoitarse polos eidos de Parada, da Devesa do Rebolo, pola Rogueira, por Cervantes, pola Veiga do Couso, polos Pradairos e a Lucenza...; todas dicindo adeus a quen tanto amou a aquela terra onde hoxe podemos atopar aínda a Galicia enteira.

Ao ano seguinte, organizamos no Campus de Esteiro unha homenaxe poética á que asistiron Manuel María, Bernardino Graña e Salvador García Bodaño –os seus grandes amigos de xeración. No seu remate, plantamos nos xardíns un carballo que medraría nesta cidade como símbolo permanente do seu recordo, do mesmo modo que o Concello (Xaime Bello era o alcalde naquel entón) aprobou a nosa petición de dar o nome Praza do Poeta Uxío Novoneyra á que tamén é coñecida entre nós como rotonda do Diapasón, en Telleiras; lugar especialmente simbólico, por ser a entrada a Caranza, un dos barrios obreiros máis importantes da cidade. Uxío marchou aquela tarde de outono,


paseniñamente, pero non marcharon con el as súas palabras, os seus versos potentes e a súa mirada doce; non levou consigo por completo aquel grande amor por esta terra. Todo o deixou aquí, no noso recordo, nos seus libros, nas imaxes e nos retratos que o recollen escribindo, lousando a casa de Parada, mirando as néboas que cinguen as faldras das serras, debuxando os seus poemas caligráficos, ollando con paixón aos seus: Elba, Branca, Uxío e Arturo, conversando cos amigos... E Galicia sempre, en pé, mesturada co seu nome.



PROGRAMACIÓN

OUTUBRO ✪ NOVEMBRO ✪ DECEMBRO 2010

✪ CLUB LECTURA do ATENEO FERROLÁN - ¡ APÚNTATE !



Dende o ano 2002 que formamos no Ateneo Ferrolán o noso Club de Lectura, organízanse os encontros coa lectura onde se xuntan 20 socios e socias, todos os primeiros martes de cada mes, para reflexionar e comentar un libro guiados pola profesora Anxeles Seoane.

PRÓXIMAS CITAS no noso CLUB DE LECTURA ANO 2010.

Días 5 de outubro, 2 de novembro e 14 de decembro de 2010 ás 19,30h. na Sala de Prensa do Teatro Jofre.


Diferentes autores foron os escollidos para os nosos encontros como: Juan Rulfo, Gabriel García Márquez, Manolo Rivas, Damaso Alonso, J. Sender, Machado, García Lorca, Miguel Delibes, Julio Cortázar, Vargas Llosa, ,Valle Inclan, Eduardo Mendoza, Sabato, Saramago, Gil de Biedma, Pío Baroja, Lendas galegas, teatro, Jose Luis Sampedro, Julia Uceda, etc.

Por mor da execución das obras de rehabilitación do edificio do Ateneo Ferrolán, o Concello de Ferrol por medio da Concellería de Cultura déixanos ubicarnos neste espazo do Teatro Jofre para poder levar adiante o noso, xa veterano, Club de Lectura, polo que dende aquí reiterámoslle as grazas.

✪ XXII XORNADAS DA GAITA 2010

Por mor da execución das obras de rehabilitación do edificio do **Ateneo Ferrolán,** o **Concello de Ferrol** por medio da **Concellería de Cultura** déixanos ubicarnos neste espazo do Centro Cultural "Torrente Ballester" para poder levar adiante as nosas, xa consolidadas, **Xornadas da Gaita,** polo que dende aquí reiterámoslle as grazas.

Organizadas polo Ateneo Ferrolan a celebrar o sábado ***día 11 de decembro de 2010*** *no* ***Centro Cultural "Torrente Ballester"***




X XORNADAS

MOSTRA DE CURTAMETRAXES

do Ateneo Ferrolán

22 e 23 de decembro no
Centro Cultural Torrente Ballester
Ferrol



Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
www.ateneoferrolan.org

e-mail: secretaria@ateneoferrolan.org | Telf.: +34 981 357 970 | Fax: 981 354 098
Dirección Postal: Rúa Magdalena 202-204, 1°. CP.15402 | Ferrol (A Coruña)

Os días **22 e 23 de decembro de 2010**, no **Centro Cultural Torrente Ballester** de Ferrol, levaranse a cabo ás **X Xornadas de Mostra de Curtametraxes,** comezadas no ano 2001 con grande interese do público en xeral.

Por mor da execución das obras de rehabilitación do edificio do **Ateneo Ferrolán**, o **Concello de Ferrol** por medio da Concellería de Cultura déixanos ubicarnos neste espazo do **Centro Cultural Torrente Ballester** para poder levar adiante as nosas, xa consolidadas, **Xornadas de Curtametraxes**, polo que dende aquí reiterámoslle as grazas.

Nestes días amosaremos curtametraxes e creacións de cineastas, case que sempre noveis, e con especial atención aos cineastas galegos e galegas en especial.


O obxectivo é dar a coñecer a un público amplo a calidade e variedade das curtametraxes, sobre todo das galegas. Estas xornadas están a converterse nun referente, por ser un esforzo realizado para divulgar a produción de curtametraxes, que en moitos casos fica agochada. Trátase de acceder a unha parte do audiovisual que atesoura gran calidade.

Facemos un chamamento a todas as persoas que queiran participar nestas xornadas, nos acheguen os seus traballos (máx. 30') en formato DVD e preferentemente en lingua galega, acompañados da ficha cumprimentada **antes do día 15 de novembro** para poder engadilos ao programa deste ano.

Grazas por participar!

Cubre, imprime e envía esta ficha xunto con a curtametraxe:

Ficha Xornadas Curtametraxes (PDF)



GRETA € 110
GROUND
GROUND € 95
THIN € 100,00

Unha loita incesante contra a violencia machista

Marcha Mundial das Mulleres

A cotío e de maneira case invisible, discorre ao noso lado, rózanos, entremétese, condiciónanos e ata determina -en tantas e tantas mulleres- as nosas arelas e as nosas propias vidas: esa presenza real e inimiga é o patriarcado.

Patriarcado como orde social que fundamenta a dominación, a explotación e a violencia sobre todas nós, con independencia da fortuna da nosa condición persoal. Neste eido cómpre non se deixar seducir pola ilusión persoal de que non nos vai afectar a nós. A todas nos afecta directa ou indirectamente.

Sexa na situación do mercado de traballo (maiores índices de paro, máis precariedade, menores salarios, ademais de teitos de cristal nas nosas carreiras profesionais), sexa nas tarefas cotiás nas que seguimos a empregar tempos que triplican ou cuadriplican ás dos nosos compañeiros, ou na cousificación que a sociedade fai de nós ao tratarnos como obxecto de posesión, como reclamo publicitario, como mercadoría sexual...

O patriarcado é un problema social que impón límites insuperables á liberdade das mulleres e polo tanto, ao exercicio dos nosos dereitos democráticos. É, sen dúbida, un aliado estrutural da globalización capitalista, que entende as mulleres como man de obra máis barata e como obxectos susceptibles de ser tratados nos mercados infamantes da prostitución.

Dende onte, é Montserrat Labrada a muller que sae do anonimato para entrar na listaxe interminable, das mulleres asasinadas pola violencia machista; esa violencia que non atura o voo libre da nosa vontade e coñecemento, para reducirmos á condición de posesión, de obxecto que non ten vida, nin desexos, nin esperanzas propias.

A distancia que vai dunha legalidade formal de igualdade a unha realidade material de discriminación e violencia, esixe un combate sostido contra os movementos sociais, os intereses económicos, e as compracencias e indeferenzas de demasiadas administracións públicas, que aceptan como feito natural a nosa subordinación social.

Unha sociedade vale tanto como a súa capacidade para producir unha convivencia xusta e igualitaria. Na medida en que a realidade desminta ese imperativo de igualdade e xustiza, non haberá outra esixencia cívica que a de cambiar esa realidade. Na actualidade, nas nosas sociedades, na sociedade galega en concreto, existen actitudes sistemáticas de violencia -material, física e simbólica- exercida contra as mulleres. O movemento feminista é o suxeito central nesa loita, coñecedor de que os dereitos e liberdades se gañan nese combate, en modo algún son regalados por ninguén.

A superación desa triple actitude de violencia contra a muller esixe de nós, de todas nós - e de todos os compañeiros que nos queiran seguir nesa loita contra a violencia machista -, o compromiso de pelexar nas escolas, nos centros de traballo, nos diferentes movementos sociais, dende os poderes públicos democráticos; nunha pelexa cívica, política e cultural para erradicar unha infamia que nos fere a todas e imposibilita un desenvolvemento social libre. Honrando hoxe a Montserrat afirmamos a nosa determinación de continuar a loita incesante pola emancipación das mulleres ata a derrota das caducas estruturas e relacións patriarcais.

Ferrol, 27 de Agosto de 2010

** "Texto lido por Esquerda Unida na concentración da Marcha Mundial das Mulleres polo asasinato de Montserrat Labrada o pasado 27 de agosto"*

Marcha Mundial das Mulleres
http://www.feminismo.info

MIGUEL ANGEL ALONSO DIZ

Teño no meu interior
un verme que loita
por esgallar do meu leito
a súa esencia.

E loito, loito
polas viuvas virxes
de ollada tristeira

loito para que ese verme
do meu ventre desapareza
e ó cabo non termine
por converterme nunha fría estatua
cega.

Loito, loito polos mares
de augas rendidas e negras
que transportan no seu lombo
as palabras que a morte nega.

E rezo, rezo na bocanoite
porque ese verme me esqueza,
rezo polos soños desta terra
silandeira.





Son como unha árbore
baixo un ceo fuxitivo
que non se deixa amar.

Por máis que medran os meus
versos
estás sempre tan lonxe...!

Dende o outeiro que me viu nacer
agardarei o amencer con ollos de
neno
e amareite coa forza do mundo.

Encerellado na terra
treparei polos teus brazos de ar
até acadar unha morte
que ó cabo, me transporte lixeiro
como cinsa, pero cinsa namorada
polo teu corpo imposíbel.

Meu amor, meu ceo fuxitivo,

por máis que medran os meus
versos
estás sempre tan lonxe...!

Miguel Angel Alonso Diz

O mar sabe a morte e a tristeza
labrada,
o seu corpo asemella un sartego de
silandeira ollada.

Buguinas celestes constrúen nel a
madrugada
coas súas mans de loito creban a
noite que marcha

O mar garda os fillos dos naufraxios
envoltos nas súas mortallas Ð dixo
un vello mariñeiro de Moaña.

E unha enxoita muller de negra face
no peirao sorrí, agarda e cala,
mentres cos seus osudos dedos o
ceo sinala.

O mar sabe a morte...

Miguel Angel Alonso Diz

JORGE MIGUEL GAGO CHAO

HISTORIA DA MIÑA TERRA

Esas lendas feiticeiras
dás noites de escuro luar
dás meigas retranqueiras
e fadas que poden voar.
Sobre celtas e deidades
druidas e vaguedades,
de guerreiros que loitan
polo reino de Breogán.

Son terras de castrexos
de castros, dolmens e petroglifos;
de ameixas, zamburiñas e
cangrexos,
de variedade de peixes de moitos
tipos.
Son as terras dá Galiza,
de moitos séculos de historia
dos celtas na memoria
e dun pasado que enfeitiza.

Foron terras de feudais
no reino de Gallaecia
dende as épocas medivais
ata o rexurdimento dás letras.
Son terras de Trasancos
de toxos, e flores, e cantos;
do século dás luces
e unhas rías con encantos.


Mais é unha mágoa o rexeitamento
que sofren as xentes galegas
ás letras dá nosa cultura
á fala e á literatura.
Son as letras dá nosa cultura,
destas terras de gozos e sombras,
onde recende a literatura
e a literatos coas súas historias.

E a historia dunha terra
que non ten acougo
dunha fala que moitos
non desexan falar
doutros que non a
recoñecen como tal
negando o pasado
que plasmou Pondal
e as letras dun himno
gravado en ouro.
Tempos que chegan,
tempos que van,
os rumorosos e
escuros sempre están;
desprestixando unha
terra que tanto lles dá,
non falan o galego,
non o queren escoitar.



Que feliz paradoxo: a Cultura mais nova e a vellice mais prematura.

REИƎЯ







ATENEA
Revista trimestral do Ateneo Ferrolán Nº 39
Outubro - Novembro - Decembro 2010

Dirección e Coordinación: ATENEO FERROLÁN
Redacción e administración:
Rúa Magdalena 202-204 - Ferrol (Galiza)
Teléfonos: 981.357.970, 981.354.098
Fax: 981.354.098

E_mail: **secretaria@ateneoferrolan.org**
WEB: **www.ateneoferrolan.org**

ISSN: 1575-9679
Depósito legal: C-1937/99

Patrocina:
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Revista trimestral do Ateneo Ferrolán OUTUBRO - NOVEMBRO - DECEMBRO 2010

AteNEA

Outono saboroso

Nº 39